

COMISIÓN DE PERSOAL

- CONVOCATORIA DE GRADO I E II DE RÉXIME EXTRAORDINARIO DE CARREIRA E DESEMPEÑO
- RPT POLÍTICA SOCIAL DE CREACIÓN DE PRAZAS E REVISIÓN DE NIVEIS DAS DIRECCIÓN E PERSOAL MÉDICO

Santiago de Compostela 22/12/23

ABRIRASE EN XANEIRO UN NOVO PRAZO DE SOLICITUDE PARA O PERSOAL QUE NON CUMPRÍA REQUISITOS NAS CONVOCATORIAS DE 2019 E 2022

**CARREIRA
DESEMPEÑO**

VOTO A FAVOR: CSIF CCOO UGT
VOTO A FAVOR: CCOO E UGT

EN CONTRA CIG
EN CONTRA CSIF E CIG

Valoración de UGT: universaliza o complemento **voluntario** de carreira e desempeño, e preto de 6.000 empregados e empregadas públicas que reúnen requisitos, poderán acceder o **grao I** e ao **grao II**, con igual regulación para carreira e desempeño. Os **efectos económicos** serán do **1 de xaneiro de 2024** e as **contías** serán dun **33% en 2024, 66% en 2025 e 100% en 2026**, UGT seguiremos insistindo en **augmentar as porcentaxes**, e UGT reitera:

O recoñecemento dende 2019 é unha **dialéctica falaz e inútil** xa que lamentablemente é **irreparable a anulación do dereito por unha sentenza motivada por un dos maiores erros sindicais**.

- ✚ **Que se regule o grado IIII extraordinario a convocar en 2024**, acordado con este sindicato.
- ✚ **Que se regule o modelo ordinario de carreira aberto e permanente** acordado con este sindicato, para consolidar o que está aplicado e que quede regulado permitindo chegar o grado IV e que se poidan incorporar de xeito continuo ao persoal que reúna os requisitos en cada un dos grados correspondentes.

RPT POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE: CREACIÓN DE PRAZAS E REVISIÓN NIVEIS DIRECCIÓN E PERSOAL MÉDICO

VOTO A FAVOR: UGT, CIG, CCOO, CSIF

Valoración de UGT: cómprese co Acordo coa **creación dun mínimo de 129 prazas** e a **transformación en tempo completo de 139 prazas**, e **compromiso de revisar carteleiras e completar a creación necesaria para cumprir coa xornada pactada**.

Revisanse niveis e asúmese o **compromiso de seguir revisando** as RPT en materia de **niveis** que non supoñen incremento de custos de persoal.

UGT reitera que temos **pendente de executar as revisións** de niveis acordada o **21 de xuño de 2021** en Comisión de Persoal con motivos das RPT de funcionarización (subalternos, menores, TCAES; subdireccións e coordinacións de enfermaría.....).

